

TAREFAS DE LIMPEZA

A continuación indícanse os riscos máis frecuentes a que están expostas as persoas traballadoras que realizan tarefas de limpeza, así como unha serie de medidas preventivas para adoptar:

CAÍDA DE PERSOAS AO MESMO NIVEL:

- Recoller os cables soltos.
- Deixar libres de obstáculos as zonas de paso.
- Colocar sinais de advertencia nas zonas que acaban de ser fregadas e polas que poidan atravesar traballadores/usuarios.
- Recoller inmediatamente calquera derramamento de auga ou outro tipo de substancia.
- Prestar atención aos desniveis, irregularidades ou danos do chan.
- Non circular con présas por escaleiras; non correr nin saltar chanzos.
- Utilizar calzado de traballo con sola antiescorregadiza e unha correcta suxeición do talón.



GOLPES OU CORTES POR OBJECTOS OU FERRAMENTAS



- Antes de retirar calquera obxecto ou pasar a baeta, hai que inspeccionar o seu estado (bordos cortantes, presenza de cravos ou estelas etc.) para detectar a posibilidade de que poidan caer ou producir cortes ou picadas.
- Non introducir as mans nas papeleiras nin nos caldeiros do lixo para reducir o volume.
- Os vidros rotos nunca se recollerán coas mans, realizarase con cepillo e recolledor.
- Recoméndase dispoñer de recipientes ríxidos para a recollida de cristais rotos e outros obxectos punzantes ou cortantes.

CONTACTOS ELÉCTRICOS

- Asegurarse da ausencia de corrente no caso de limpar luminarias.
- Non usar nin tocar aparatos, interruptores eléctricos con mans molladas ou descalzo, aínda que o chan estea seco.
- Non pasar a fregona mollada sobre torretas, bases múltiples ou bases de cavillas conexas.

RISCOS DERIVADOS DO USO DE PRODUTOS QUÍMICOS DE USO DOMÉSTICO

- Antes de utilizar calquera produto hai que ler na etiqueta os riscos e as medidas de seguridade que se deben adoptar.
- Esixir que os envases estean correctamente etiquetados. Os produtos manteranse nos seus envases orixinais. En caso de transvasamento, etiquetaranse adecuadamente os novos envases.
- Nunca se deben transvasar produtos químicos a envases de bebidas ou alimentos nin sequera etiquetándoos.
- Non mesturar os produtos de limpeza, pódense formar gases perigosos ou reaccións con desprendemento de calor que orixinan salpicaduras que poden producir queimaduras.
- Utilizar luvas de protección contra agresións químicas durante o uso produtos de limpeza.
- Ventilar os locais pequenos (aseos/vestiarios) durante e despois da limpeza.
- Gardar os envases ben cerrados, ordenados, en lugar seco e fóra de focos de calor.
- Non comer, beber nin fumar cando se usen produtos de limpeza.



EXPOSICIÓN A AXENTES BIOLÓXICOS

- Non introducir as mans en cisternas, papeleiras ou recipientes en que non se vexa o seu interior claramente.
- Lavar as mans antes e despois das tarefas con abundante auga e xabón.
- Utilizar luvas de protección contra microorganismos nas tarefas de limpeza de aseos e vestiarios.

TAREFAS DE LIMPEZA

POSTURAS FORZADAS

Recoméndase utilizar medios de traballo ergonómicos, caldeiros con escoredoiro de panca e con rodas e paus de fregona e de escoba coas dimensións apropiadas, para evitar malas posturas.

EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

Calzado de seguridade (con sola antiescorregadiza)		Luvas de protección contra microorganismos Luvas de protección contra agresións químicas	
---	---	---	---